



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMA, TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE, SUBGRUPO A2. EXPEDIENTE: 2022/E001/000008

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/000777

### ANTECEDENTES:

Nos últimos anos vaise incrementando o volume de traballo en relación co medio ambiente, son moitas as competencias que o concello ten que desenvolver nesta área, sinalando entre outras a xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias para o cal tense aprobado polo Pleno na data de 30-09-2019 a adhesión ao convenio subscrito entre Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA o cal ten por fin garantir a prevención de incendios forestais, de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas da interface urbana, e tamén nas zonas urbanas, sendo cada vez máis os expedientes tramitados tanto por denuncias de particulares como iniciados de oficio; por outra parte o abandono de residuos, lixo e outros depósitos en zonas non habilitadas, así o concello ten a obriga de cumprir o establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados (LRSC), como lei estatal básica de protección do medio ambiente, a cal establece as competencias das entidades locais no exercicio da potestade de vixilancia e inspección, e a potestade sancionadora no seu ámbito territorial, así como a Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia (LRSCGAL); a retirada de vehículos abandonados polos seus propietarios é outra das tarefas que están a sobrecargar a administración municipal coas denuncias da Garda Civil, Policía Autonómica e Policía Local de vehículos por presunta infracción da normativa sobre residuos e vertidos; a xestión da Ordenanza municipal non fiscal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira (aprobada definitivamente na sesión plenaria celebrada o 25 de setembro de 2018 e publicada no BOP nº 187 do 01-10-2018) e outra tarefa relacionada co medio ambiente que sobrecarga traballo tanto á administración xeral como á oficina técnica municipal; Outras tarefas relacionadas co medio ambiente como son o subministro de auga e o saneamento, que obrigan a levar un control cotiá e causan sobrecarga á oficina técnica municipal e servizos administrativos.

Sendo moi limitados os recursos humanos con que conta o concello e o incremento que experimentan os expedientes tramitados nas precitadas tarefas relacionadas co medio ambiente precísase contar con un reforzo da actual plantilla municipal de funcionarios, estando limitada polos efectivos que constan na mesma anexa ao Orzamento Municipal de 2020, prorrogado para o actual exercicio.

Polo anterior, por providencia de 30-05-2022 dispuxen o inicio do expediente para a formación dunha bolsa de emprego de funcionario interino, técnico medio, Subgrupo A2, ao abeiro do establecido nos artigos 10.c) do RDL 5/2015, polo que se aproba o TREBEP, e 23.c da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia

Pola resolución da Alcaldía núm. 460/2022, do 28-06-2022, aprobouse a convocatoria e as bases para a selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego de funcionarios/as interinos/as, na categoría de técnico/a de Medio Ambiente, Grupo A, Subgrupo A2, cunha duración inicial de tres anos, podendo prorrogarse por outros doce meses, para a execución de programas



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

de carácter temporal, ao abeiro do establecido no artigo 10.1.c) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, para o desenvolvemento de todas as tarefas relacionadas coa área de medio ambiente, mediante o procedemento de oposición-concurso, publicándose no BOP núm. 125 do 04-07-2022.

Con data do 12-08-2022 dítase a resolución de Alcaldía nº 591/2022 que aproba a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, outorgando un prazo de tres días hábiles aos candidatos excluídos para a emenda dos defectos que motivaron a súa exclusión e nomea aos membros do tribunal cualificador, publicándose o 16-08-2022 no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web municipal.

Revisadas as alegacións presentadas, mediante a resolución núm. 619/2022 do 24-08-2022 apróbase a lista definitiva de admitidos e excluídos e fíxase a data de realización do primeiro exercicio, dándosele publicidade no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipais.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal cualificador, na reunión celebrada o día 8 de setembro de 2022 acordou, por unanimidade, elevar á Alcaldía a proposta seguinte:

*“Elevar a proposta de formación da bolsa para postos de funcionarios interinos, técnicos/as de medio ambiente, grao medio, Subgrupo A2, co único aspirante declarado apto e aprobado IAGO MONTES MARTINEZ”*

Revisado o expediente consta acreditado o cumprimento do establecido na base 5ª, relativa á presentación de documentos, ao constar a documentación aquí referida, a cal se incorpora ao expediente.

O 28-09-2022 a Intervención emite informe en sentido desfavorable por considerar que a contratación non ten encaixe no artigo 10.1.c) do TREBEP xa que, tendo en conta o disposto nos artigos 25.2 da LBRL, 7 da Lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e 9.2 da Lei 6/2021 do 17 de febreiro de residuos e solos contaminados de Galicia, non se trata dun programa de duración temporal.

A alcaldía discrepa do informado pola Intervención xa que será a preceptiva RPT a que contemple os ditos postos de traballo no caso de consideralos estruturais e prever a continuidade do servizo, estando polo tanto amparado o nomeamento e a selección no citado art. 10.1.c) igual que a duración máxima, ou cando concorran as causas establecidas no artigo 63 do TREBEP.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro:** Aprobar a creación da bolsa de emprego de funcionario interino, técnico medio, Subgrupo A2 de conformidade coa proposta do tribunal de data 08-09-2022, para o chamamento de candidatos coa finalidade de realizar nomeamentos de funcionarios interinos nos supostos previstos no art. 10 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando composta polos seguintes aspirantes aprobados, ordenados de xeito decrecente, segundo as puntuacións obtidas no proceso selectivo:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN FINAL
1	MONTES MARTINEZ, IAGO	***9463**	20,35

De acordo ao establecido na base 5.10, esta bolsa de emprego terá unha vixencia de TRES anos contados desde a súa aprobación. No caso de nomeamentos ou contratacións realizadas durante a súa vixencia estarase ao disposto na lexislación de aplicación relativa a contratacións laborais temporais.

**Segundo:** Nomear ao candidato nº 1 **D. IAGO MONTES MARTINEZ**, con **DNI \*\*\*9463\*\*** como funcionario interino, na categoría de técnico de grao medio, para o posto de **TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE, SUBGRUPO A2** para o desenvolvemento do programa “Actuacións municipais na área de Medio Ambiente”, consonte ao establecido no artigo 10.1.c do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e o art. 23.c da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

**Terceiro:** Outorgarlle ao interesado para a toma de posesión, un prazo de tres (3) días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete (7) días hábiles se o comporta, a contar desde o seguinte á notificación da presente resolución.

No caso de que non tome posesión no prazo sinalado sen causa xustificada, decaerá en todos os seus dereitos a ocupar a praza.

**Cuarto:** Publicar esta resolución na páxina web municipal, taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal.

**Quinto:** Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente na data da sinatura dixital polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria en réxime de acumulación

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo.: María Cristina Varela García